

ORDENANZA FISCAL Nº 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1. Disposicións xerais.

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 16.2, 59.1, 61, 62, 72 e 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable neste Municipio, queda regulado nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos bens inmóbles de natureza rústica e urbana sitos no termo municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre servizos públicos aos que estean afectos, e grava o valor dos referidos inmóbles.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

Artigo 4º.- Tipo de Gravame

1. O tipo de gravamen do Impuesto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40 %.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,65 %.
3. O tipo de gravame das presas, saltos de auga e encoros, incluídos o seu leito ou vaso (bens inmóbles de características especiais), queda fixado no 1,3 %.
4. O tipo de gravame dos bens inmóbles destinados á produción de enerxía eléctrica (bens inmóbles de características especiais), queda fixado no 1,3 %.

Artigo 5º.- Exencións

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, estableceuse as exencións seguintes:

- 1.- Os inmóbles urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a tres euros.
- 2.- Os inmóbles rústicos sitos neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeto pasivo cando as cuotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a tres euros.

Artigo 6º.-Bonificacións

Aplicarase unha bonificación na cuota íntegra do imposto, no suposto de que se trate de vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas, bonificación que se tendo en conta as seguintes regras:

- Xeral: Bonificación do 50% para os suxectos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou ben que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou ben estea incapacitado para o traballo.

-Especial: Bonificación dun 75% para aqueles suxectos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

- Para clasificar as familias nunha categoría ou en outra, estarase ao disposto na Lei 40/2003, de 18 de decembro, de protección a familias numerosas
- Terá a consideración de vivenda habitual aquela que figure como residencia no Padrón Municipal.
- Os suxectos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais que acrediten a súa condición de familia numerosa.

Disposición Adicional

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal, estarase ao disposto nos artigos 60 a 78, ambos inclusive, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.